

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 3 DE MARZO DE 2020

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:05 horas do día 3 de marzo de 2020, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada pola presidenta o 27 de febreiro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D^a. María Blanco Rodríguez, vogal técnica de Administración Xeral
D^a. María Dapena Gómez, vogal xefa da Área de Recursos Humanos (asiste ao punto 3)
D. Secundino Otero Faílde, xefe do Servizo de Medio Ambiente (asiste aos puntos 5 e 6b)
D. Jesús Núñez-Torrón López, vogal xefe da Área de Benestar Social (asiste ao punto 2a)
D. Antonio Villanueva Guimeráns, vogal xefe do Servizo de Administración Electrónica (asiste aos puntos 2b e 6a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de prestación do programa de coidadores de barrio do Servizo de Benestar Social do Concello de Vigo reservado a empresas de inserción (disposicións adicionais 4^a e 48^a da LCSP) (194.221-301)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desencriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade, outorgar un prazo de tres días a E.I.L. CORMO INTEGRAL S.L.U. para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. Concretamente,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 03:52	Páxina 1 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AE46-C9BB38-49E2D6-68JPVB-S2Y8W6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

o terceiro a cuxa solvencia recorre, FUNDACIÓN ÉRGUETE INTEGRACIÓN, deberá presentar un novo DEUC no que cumprimenten os puntos C (“*Motivos referidos a la insolvencia, los conflictos de intereses o la falta profesional*”) e D (“*Motivos de exclusión puramente nacionales*”) da Parte III “Motivos de exclusión”.

Faise constar que se ben FUNDACIÓN ÉRGUETE INTEGRACIÓN non declarou a súa solvencia técnica e económica na parte IV “criterios de selección” no DEUC, esta información foi declarada no Anexo IV do PCAP.

Así mesmo, aínda que a cláusula 14.2A do PCAP esixe a presentación no sobre A do Anexo VII ao PCAP “*grupo de empresas*”, tendo en conta a única finalidade desta información para o cálculo de baixas con valores anormais e que só se presentou un licitador, non procede esixir a presentación do referido anexo.

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de licenzas Windows de estacións de traballo e a actualización-mantemento das licenzas Citrix propiedade do Concello de Vigo (9.006-113)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A “*Documentación persoal*”, tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. OZONA CONSULTING, S.L.
 2. TÉCNICOS ASOCIADOS INFORMÁTICA, S.A.U.

3.- Apertura administrativa e técnica

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos para a realización dun estudo diagnóstico de análise e valoración dos postos de traballo do cadro de persoal da Policía local (34.078-220)

A secretaria le o listado de licitadores presentados (ASE PSIKÉ, S.L. e RODRÍGUEZ VIÑALS, S.L.) a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con eles. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Acto seguido procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre A (documentación persoal e proposición avaliable mediante xuízo de valor).

Compróbase, en primeiro lugar, a documentación persoal e acórdase, por unanimidade, admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. ASE PSIKÉ, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 03:52	Páxina 2 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AE46-C9BB38-49E2D6-68JPVB-S2Y8W6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



2. RODRÍGUEZ VIÑALS, S.L.

A continuación ábrese a “Proposición avaliable mediante xuízo de valor”.

A Mesa acorda, por unanimidade, solicitar informe ao servizo xestor sobre a documentación técnica.

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de prestación do programa de coidadores de barrio do Servizo de Benestar Social do Concello de Vigo reservado a empresas de inserción (disposicións adicionais 4ª e 48ª da LCSP) (194.221-301)

Retírase este asunto da orde do día porque a Mesa acordou no punto 2a conceder un prazo de tres días ao licitador presentado para emendar a documentación persoal.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areais de Vigo anos 2020, 2021 e 2022 (14.428-306)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente o 27 de febreiro de 2020 de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”.

A Mesa acepta, por unanimidade, o referido informe e acorda excluír deste procedemento a INTURESPORT, S.L. por non acadar o umbral mínimo de puntuación previsto no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP.

Acto seguido publícase o informe no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de licenzas Windows de estacións de traballo e a actualización-mantemento das licenzas Citrix propiedade do Concello de Vigo (9.006-113)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C “Proposición avaliable mediante fórmula” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 03:52	Páxina 3 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AE46-C9BB38-49E2D6-68JPVB-S2Y8W6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	Licitador	Redución do prezo	Nº licenzas a maiores (VDA)	Nº de licenzas (Microsoft Office)	Nº licenzas (Licenzas Servidor 2019)	Nº licenzas (Terminal Server)
1	OZONA CONSULTING, S.L.	182.920,00 €	2	0	0	20
2	TÉCNICOS ASOCIADOS INFORMÁTICA, S.A.U.	184.684,28 €	0	0	0	0

Asiste á apertura D^a. Paola Lorenzo Carosella, con DNI **. *13.70*, en representación de OZONA CONSULTING, S.L. A acta de asistencia asinada figura no correspondente expediente.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areas de Vigo anos 2020, 2021 e 2022 (14.428-306)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo	Horas de libre disposición cada ano no período estival
1	SALVAR, FORMAR Y SOCORRER, S.L.	1.766.253,95 €	300

O licitador presenta o orzamento detallado esixido no PCAP. Non asiste público á apertura.

A Mesa comproba que a oferta presentada non contén valores anormais segundo o indicado na cláusula 18 do PCAP e acorda, por unanimidade, en aplicación da previsión da cláusula 16.3, outorgar ao licitador presentado a máxima puntuación do apartado 7B do Anexo I -FEC-:

	Licitador	Puntuación criterios fórmula
1	SALVAR, FORMAR Y SOCORRER, S.L.	55 puntos

Tendo en conta a puntuación obtida por este licitador na proposición avaliable mediante xuízo de valor, a puntuación total é a seguinte:

	Licitador	Puntuación criterios xuízo valor	Puntuación criterios fórmula	Puntuación total
1	SALVAR, FORMAR Y	43,69 puntos	55 puntos	98,69 puntos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 03:52	Páxina 4 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AE46-C9BB38-49E2D6-68JPVB-S2Y8W6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



	Licitador	Puntuación criterios xuízo valor	Puntuación criterios fórmula	Puntuación total
	SOCORRER, S.L.			

Á vista das actuacións e acordos desta Mesa de Contratación e do informe de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 3 de marzo de 2020, de INTURESORT, S.L. por non acadar o umbral mínimo de puntuación previsto no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areas de Vigo anos 2020, 2021 e 2022 (14.428-306) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	SALVAR, FORMAR Y SOCORRER, S.L.	98,69 puntos

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SALVAR, FORMAR Y SOCORRER, S.L. (B-70.608.278), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto simplificado para a subministro de material de oficina consumible (6.414-241)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Contratación o 27 de febreiro de 2020 de valoración do sobre B “proposición avaliada mediante fórmula” coa proposta de clasificación.

A Mesa acepta, por unanimidade, o referido informe e acorda excluír deste procedemento



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 03:52	Páxina 5 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AE46-C9BB38-49E2D6-68JPVB-S2Y8W6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

aos licitadores que deseguido se relacionan porque os prezos totais por eles ofertados non se corresponden co resultado de multiplicar os prezos unitarios indicados nas súas oferta coas unidades de referencia previstas no PCAP; en consecuencia, os prezos totais ofertados non gardan concordancia coa documentación examinada e admitida (motivo de exclusión previsto na cláusula 14.2B do PCAP):

1. CARLINGAL, S.L.
2. PAIPEL-OR, S.L.
3. SUPPLIES ELECTRONICS IMAGING NET FOR OFFICES,S.L.
4. LYRECO ESPAÑA, S.A.
5. GRUPO DISOFIC

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto simplificado para a subministro de material de oficina consumible (6.414-241)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración das proposicións presentadas, a Mesa acorda, por unanimidade dos asistentes, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 3 de marzo de 2020, dos licitadores que deseguido se relacionan porque os prezos totais por eles ofertados non gardan concordancia coa documentación examinada e admitida (cláusula 14.2B do PCAP):

1. CARLINGAL, S.L.
2. PAIPEL-OR, S.L.
3. SUPPLIES ELECTRONICS IMAGING NET FOR OFFICES,S.L.
4. LYRECO ESPAÑA, S.A.
5. GRUPO DISOFIC

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto simplificado para a subministro de material de oficina consumible (6.414-241) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	VISTALEGRE SUMINISTRO INTEGRAL A OFICINAS, S.L.	95,82 puntos
2	PAZ DISMAC, S.L.	81,25 puntos

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, VISTALEGRE SUMINISTRO INTEGRAL A OFICINAS, S.L. (B-14.404.065), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:

- Acreditación da constitución da garantía definitiva.



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



- Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo V.
- Documentación que conste no seu poder que acredite a realización dos subministros declarados no Sobre B, segundo o esixido na cláusula 8.5.3º do PCAP.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:20 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 03:52	Páxina 7 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AE46-C9BB38-49E2D6-68JPVB-S2Y8W6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		